

CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO BOSCO, PARA O EXERCICIO 2023

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2023

REUNIDOS

Dunha parte a FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, con C.I.F G15769383, representada neste acto pola persoa do Presidente do seu Padroado, en calidade de Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Don José Ramón Lete Lasa, en virtude das facultades que ten conferidas. En diante Fundación.

Doutra parte a Entidade, con N.I.F. G36692317, representada por Dona/Don Juan Carlos Álvarez Pacios, con D.N.I 34927761F, en virtude das facultades que lle son conferidas polos poderes presentados perante a Fundación. En diante, a Entidade.

EXPOÑEN

- I. Que a Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por finalidade a promoción do deporte na Comunidade Autónoma galega, en cuxa consecución está capacitada para a realización de distintas actuacións, en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. Froito ao acordo de colaboración, entre A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte, desenvolveranse medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. En dito acordo a Secretaría Xeral para o Deporte e Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade acordaron o desenvolvemento de campañas específicas contra a violencia de xénero en espazos deportivos, que deben ser desenvoltas pola Fundación Deporte Galego.
- III. Que en desenvolvemento do acordo indicado no punto anterior a Fundación Deporte Galego, ten aprobado o Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2023.
- IV. Que os obxectivos do Plan son os de prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero, configurándose a Consellería de



Promoción do Emprego e Igualdade como patrocinador oficial do plan xunto á Fundación Deporte Galego.

- V. Que a Entidade conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- VI. Que a Entidade presentou solicitude para acollerse ao Plan.
- VII. Que logo da correspondente tramitación do expediente, a Entidade vén de resultar adxudicataria no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio.
- VIII. Que conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecéndose plena capacidade, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte da Entidade á Fundación Deporte Galego de acordo co Plan de patrocinio para o Exercicio 2023.

Este patrocinio será desenvolvido conforme á solicitude presentada pola Entidade, así como de conformidade co establecido no Plan de Patrocinio dos equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2023.

Segunda.- Obrigas das partes

A Entidade vén obrigada a desenvolver as actuacións e obrigas recollidas na solicitude presentada á Fundación, así como as establecidas no Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2023 aprobado a estes efectos, sendo todos estes documentos obrigatorios para as partes.

A Entidade velará pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprirá o establecido na Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.



A Fundación Deporte Galego e os equipos, e particularmente as/os súas/seus adestradoras/es e xogadoras, colaborarán nas actividades organizadas no marco do Plan. A Fundación comunicará aos equipos cunha antelación mínima de 15 días, as actividades do Plan nas que deban participar as/os adestradoras/es e xogadoras, quen deberán asistir salvo xustificación admitida pola FDG.

A Fundación, pola súa parte, comprométese a patrocinar ao equipo coa cantidade indicada na cláusula seguinte.

Terceira.- Pagamento e partida orzamentaria

O importe do presente convenio ascende a 6.377,19€, máis o 21% de I.V.E. (1.339,21€). Total: 7.716,40€, I.V.E. incluído.

Este importe será abonado en dous prazos:

O primeiro prazo, 50% do importe total, unha vez asinado o convenio, recibida a correspondente xustificación gráfica de ter difundida a imaxe do plan a través da web/redes sociais (Anexo II) e presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/, a correspondente factura emitida pola Entidade de conformidade coa Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar "Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade Club Deportivo Bosco ao abeiro do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia para o ano 2023 (50%)"

A data límite para presentar a documentación xustificativa (Anexo II) relativa ao primeiro prazo de xustificación e pagamento será o 15 de agosto do 2023. En caso de non ter presentada a documentación nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes.

O segundo prazo, 50% restante aboarase a partir do 1 de decembro de 2023 unha vez presentada a seguinte documentación:

- Xustificación gráfica (Anexo III) do cumprimento das obrigas e da realización das accións publicitarias previstas no apartado 4.1. do plan.
- Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas, con indicación das concedidas ou pendentes de resolución, e de que os ingresos obtidos con motivo da actividade patrocinada non xeraron superávit ou, en caso contrario, informado de cal é ese excedente ao fin de proceder á redución do importe final a pagar na contía que exceda o equilibrio entre ingresos e gastos da actividade patrocinada (Anexo IV).



- Factura do segundo prazo (50%). Presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/ previa conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar "Segundo pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade Club Deportivo Bosco ao abeiro do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia para o ano 2023 (50%)"

A data límite para presentar toda a documentación xustificativa (Anexos III e IV) relativa ao segundo prazo de xustificación e pagamento será o 15 de decembro do 2023. En caso de non ter presentada a documentación nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes.

Os documentos relativos ás xustificacións gráficas de ter utilizados os soportes publicitarios esixidos dos dous prazos (Anexo II e Anexo III) e á declaración responsable doutras axudas (Anexo IV), están dispoñibles na sede electrónica para o procedemento DE400C. Para a súa presentación, utilizaranse os medios electrónicos accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e utilizando os modelos normalizados para facilitar a realización dos trámites, indicando o código DE400C e o órgano responsable do procedemento (FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO), o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Cuarta.- Vixencia

O prazo de vixencia estenderase entre a data de sinatura do convenio e o 30 de novembro de 2023.

A Entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas asumidas en virtude do convenio, momento a partir do cal quedará resolto de pleno dereito sen necesidade de comunicación previa entre as partes.

Quinta.- Exención de responsabilidade

A Fundación e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade quedarán exoneradas de calquera tipo de responsabilidade fronte a terceiros por danos de calquera índole que puideran ser causadas por calquera elemento, activo ou soporte publicitario, que conteña os seus logotipos ou marcas.

Asemade, a Fundación e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade non serán responsables, principais nin subsidiarias, respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que puideran ser impostas á Entidade ou ao Equipo, comprometéndose a Entidade a manter indemne á Fundación e a



Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade mediante o pago das mesmas.

Sexta.- Incumprimentos, penalizacións, modificación e rescisión do convenio

Estarase ao disposto no Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia para o ano 2023.

A Fundación e a Entidade poderán crear unha comisión de seguimento do convenio co fin de realizar a coordinación e o seguimento das actividades conxuntas programadas, así como co fin de velar polo cumprimento do presente convenio.

Sétima.- Transparencia e bo goberno

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a Fundación Deporte Galego publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe dos patrocinios concedidos. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Tamén remitirá para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro dos primeiros vinte días do mes de setembro do ano 2023, unha relación dos que se subscriban referida ao cuadrimestre anterior. Nesta relación sinalarase con claridade o importe dos mesmos, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.

Así mesmo, a Fundación remitirá copia dos convenios formalizados ao rexistro público de convenios da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa reguladora deste.

Oitava.- Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

Os asinantes do convenio, manifestan seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.



Novena.- Réxime Xurídico

O contido e efectos do presente convenio quedarán suxeitos ás normas do Dereito común.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación, resolución e efectos que non poidan ser resoltas no seo da Comisión de seguimento e interpretación, serán sometidas ao coñecemento da Xurisdición Civil, renunciando as partes a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

Dando mostra de conformidade con todo o sinalado neste documento, asinan as partes o mesmo e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezado.

Pola Fundación Deporte Galego

Pola Entidade

Asdo.: José Ramón Lete Lasa

Asdo.: Juan Carlos Álvarez Pacios

